

Xoves, 13 de abril de 2023

Núm. 71

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA FISCAL PREZOS PÚBLICOS CONSUMO AUGA E
LUZ EN VIVENDAS SOCIAIS*

*ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLO
CONSUMO DE ELECTRICIDADE E AUGA NA UTILIZACIÓN DAS VIVENDAS DE EMERXENCIA
SOCIAL*

O Pleno da Corporación Municipal en sesión ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2023 aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora dos prezos públicos polo consumo de electricidade e auga debido á utilización das vivendas de emerxencia social xestionadas polo Concello de Ponteareas.

De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, aos efectos de que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións ou suxestións que estimen oportunas.

O texto da ordenanza poderá consultarse no taboleiro de anuncios electrónico do Concello e no taboleiro físico.

Taboleiro físico: dirección Xardíns da Xiralda s/n, 36860 Ponteareas, Pontevedra. Horario de 9 a 14 horas en días hábiles (exclúense sábados, domingos e festivos)

Enlace ao taboleiro de anuncios electrónico:

<https://ponteareas.sedelectronica.gal/board>

Concluído o período de información pública, se se presentasen reclamacións e/ou suxestións deberán resolverse polo Pleno, incorporándose ao texto da ordenanza as alteracións derivadas da resolución destas.

No caso de non presentarse reclamacións contra este acordo, no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo até entón provisional. O Acordo de aprobación definitiva da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios físico e electrónico do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Tamén se publicará no portal de transparencia municipal.

Ponteareas

A alcaldesa, M^a Cristina Fernández Davila

(Documento asinado electronicamente)

